

Matrícula libre

PROCEDEMENTO:

Inscrición en <https://eoidigital.com/eoixuntalibre> do 2 ó 20 de outubro ás 12:00 (mediodía).

Introduza os seus datos, o idioma e nivel que desexa.

Para B2 e C1 de galego e inglés (incluído o alumnado da modalidade *ExamPrep*) seleccione todos os centros en que se van administrar as probas, de acordo coa súa orde de preferencia. Para o resto dos idiomas e niveis, seleccione unicamente a escola onde se queira realizar a proba.

Sorteo: 23 de outubro ás 12:00 na EOI de Ferrol

O día 24 de outubro o alumnado poderá comprobar na mesma aplicación web en que escola resultou admitido.

Se resulta admitido e desexa **formalizar a matrícula**, debe subir á aplicación a documentación detallada no seguinte punto **ata o 31 de outubro**.

DOCUMENTACIÓN:

A matrícula **non ten validez ata que non se formalice subindo á aplicación web a seguinte documentación:**

- Impreso de matrícula libre xerado pola aplicación web.
- Resguardo do aboamento dos prezos públicos. [Consulte aquí como pagar as taxas.](#)
- Orixinal e copia do xustificante do dereito de exención de taxas, de ser o caso.
- Fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2024, certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no presente curso escolar, expedido polo centro consonte ó modelo do [Anexo I](#)
- O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, deberá cubrir o [Anexo II](#)
- O alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2023-2024 deberá indicalo coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe. Se procede dunha EOI de fóra da comunidade autónoma, debe presentar un certificado de estudos da EOI de orixe.

-

ACCESO ÁS PROBAS

Pódense matricular nas probas do idioma que cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 16 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2024.

Pódense matricular nas probas dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 14 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2024.

Non é necesario superar o exame dun nivel inferior para poder presentarse a un superior.

Non se pode estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente. A modalidade libre só permite un único exame, non hai convocatoria extraordinaria.

INCOMPATIBILIDADES:

Non se poderán matricular e examinar das probas:

Aquelas persoas que participasen na súa elaboración e configuración final.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI (ou impartira-no caso de profesorado interino ou substituto-nalgún momento do curso 2023-2024), na propia EOI.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá examinar en ninguna EOI de Galicia do idioma que imparte.

O persoal non docente no curso 2023-2024 non se poderá matricular no centro onde desempeñe o seu labor, pero sí noutra escola ou sección.